



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COLABORACIÓN NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS RELACIONADOS CO DESENVOLVEMENTO RURAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

REUNIDAS

Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polos artigos 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e do Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991 (*DOG* do 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, en relación co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, Don José González Vázquez, na súa condición de presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en virtude do seu nomeamento como conselleiro do Medio Rural polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (*DOG* núm. 181, do 7 de setembro), e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (*DOG* núm. 148, do 4 de agosto).





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O 7 de setembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial .
- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:





- Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
- Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).
- Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, encárgase da planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

SEGUNDO.- O 21 de maio de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

En virtude deste texto legal, e nos termos previstos nos artigos 6 e seguintes , a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) configúrase como a axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia previstas na citada lei. En virtude do disposto nesta lei, Agader está adscrita á consellería competente en materia de medio rural.

Entre outras competencias, e en virtude do disposto nesta norma, Agader asume as seguintes competencias:

- Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de





diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.

- Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base de bioeconomía.
- Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais.
- Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

TERCEIRO.- A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ten por obxecto establecer o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a prevención e a loita contra o seu abandono, o fomento da súa recuperación e a incorporación de persoas mozas á actividade agraria, co fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal, e acadar os obxectivos xerais que se recollen no citado texto legal, entre outros:

- Promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia
- Previr e loitar contra o abandono das terras agroforestais
- Coordinar as actuacións das diferentes administracións que teñan relación directa ou indirecta coa xestión das terras agroforestais
- Facilitar a ordenación das terras agroforestais mediante a súa indentificación cartográfica e a ordenación dos seus usos.

En relación con este último obxectivo xeral, os instrumentos de planificación son o marco para a ordenación dos usos do territorio rural, co fin de acadar un desenvolvemento económico e social sostible no medio rural. A localización das actividades agroforestais nos emprazamentos máis axeitados contribúe en gran medida ao seu éxito e, consecuentemente, favorece o progreso económico e a cohesión social do territorio rural. A planificación dos usos do solo facilita unha





maior eficiencia económica das actividades agrarias ao mesmo tempo que garante a súa sustentabilidade ambiental. A posta a disposición e difusión da información é imprescindible para a súa incorporación aos instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico así como o seu coñecemento por parte dos agricultores, gandeiros e silvicultores.

CUARTO.- Tanto a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto de Estudos do Territorio, como Agader están de acordo en establecer unha colaboración para a realización de actuacións relacionadas co desenvolvemento rural e para a posta en marcha dos instrumentos previstos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

QUINTO.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece, no seu artigo 15, que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común.

Cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, formalizárase un acordo de colaboración no que se recollan os compromisos alcanzados, que inclúa as competencias que exerce cada un dos órganos, as cantidades obxecto de financiamento por cada un deles, a orde de aboamento das achegas, a forma en que serán obxecto de achega ao órgano de contratación que se ocupa da adxudicación e formalización do contrato ou a forma de pagamento ao contratista polos órganos financiadores.

Para conseguilo as entidades participantes consideran moi útil definir un marco de colaboración institucional e acordan formalizar o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este acordo de colaboración ten por obxecto o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto de Estudos do Territorio, e Agader para o apoio nos





traballos relacionados co desenvolvemento rural e os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos para o correcto do desenvolvemento dos traballos relacionados co desenvolvemento rural:

1. Asesoramento e apoio aos traballos de análise e planificación no eido da mellora da estrutura agraria de Galicia e os instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
2. Facilitar e coordinar a información necesaria para a planificación así como a difusión da información mediante un visor xeográfico, descargas e catalogación.
3. Asesoramento e apoio para a integración da información dispoñible das infraestruturas agrarias como dos instrumentos de recuperación da terra agraria: planificación, mobilización e recuperación .
4. Facilitar e incorporar nas ferramentas integradas dentro do sistema de información xeográfica corporativa a información xeográfica do desenvolvemento dos traballos.
5. Colaborar na elaboración da metodoloxía técnica para a obtención do Mapa de usos agroforestais de Galicia, o establecemento dos estándares e formatos que debe cumprir. Con este mesmo obxectivo, colaborarase na elaboración de clases do Mapa de usos de agroforestais de Galicia a partires do SIOSE5K en función dos recursos existentes.
6. Colaborar na xeración e catalogación de información xeográfica histórica en función das dispoñibilidades e recursos existentes.
7. Asesoramento e colaboración técnicos, en función do seu obxecto e cando se estime pertinente, respecto dos expedientes de contratación que proceda tramitar por Agader ao abeiro deste acordo, durante todas as súas fases. Así:
 - Respecto da elaboración de pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.
 - No exame de documentación e emisión de informes en relación con ofertas incursas en presunción de anormalidade.





- No exame de documentación e emisión de informes en relación con criterios de adjudicación avaliados mediante xuízos de valor.
- No desenvolvemento das funcións do responsable do contrato.
- Calquera outro apoio de similar natureza.

8. Basearse, cando proceda, para o desenvolvemento das facultades asumidas en función deste acordo, nos resultados derivados da execución da citada contratación tras a oportuna posta a disposición por parte de Agader.

9. Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste acordo, a cuxo efecto designarán uns/unhas técnicos/as con capacidade de decisión, que dirixirá e supervisará os traballos, sen prexuízo do exposto respecto dos expedientes de contratación.

10. Achegar parte do financiamento necesario para a execución deste acordo segundo se detalla na cláusula quinta.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural asume os seguintes compromisos para o correcto do desenvolvemento dos traballos relacionados co desenvolvemento rural:

1. Planificar, organizar, promover e impulsar a realización das actuacións previstas na cláusula primeira deste pacto.
2. Dirixir e fixar os criterios para a realización dos traballos e estudos obxecto deste acordo, a cuxo efecto designarán un/unha técnico/a.
3. Facilitar toda a información necesaria para a realización dos traballos así como a mellora da información se é necesario, segundo os requirimentos técnicos necesarios.
4. Realizar os traballos de tratamento da información necesaria para a súa incorporación as ferramentas do sistema de información xeográfico corporativo segundo as indicacións técnicas.
5. Tramitar a totalidade de expedientes de contratación que procedan ao abeiro deste acordo, sen prexuízo do asesoramento e colaboración do IET, cando resulte pertinente por mor do seu obxecto, nos termos expostos na cláusula anterior, tras a posta a disposición da correspondente documentación e proporcionarlle ao IET, segundo o ritmo de execución dos contratos e á maior brevidade posible, a documentación resultante da





execución que deba servir de base para o exercicio por aquel das funcións asumidas a través deste acordo.

6. Colaborar coa notificación dos erros existentes na cartografía base oficial da Xunta de Galicia e na elaboración do mapa de usos e coberturas do solo mediante ferramentas de edición que aportará o IET a tal efecto.

7. Achegar parte do financiamento necesario para a execución deste acordo segundo se detalla na cláusula quinta.

8. Facilitarlle ao IET a información xeográfica actualizada con periodicidade anual das accións realizadas por parte de Agader que supoñan un cambio nas coberturas e usos do solo ou de calquera outra capa de información producida polo organismo recollida dentro do anexo II do Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica (PGCIX). Para levalo a cabo incorporárase na medida do posible aos seus procedementos administrativos:

a. A solicitude de "planos as built" adaptados as normas cartográficas existentes nese intre, dentro do pregos elaborados para a contratación de obras e servizos.

b. A incorporación de referencias catastrais aos expedientes administrativos tramitados para a identificación dos predios de natureza rústica, para a xeración de bases de datos espaciais a partires da recolleita desta información.

CUARTA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente acordo.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

As actuacións previstas neste acordo implican un custo total de 212.134 €, e serán financiadas do seguinte xeito:

- Por parte do IET, con cargo ao capítulo I dos seus orzamentos, en función dos medios persoais asignados á súa execución, segundo o seguinte:





Proxecto	Anualidade	2021	2022	2023	2024	Total
2016 00001 (Gastos de funcionamento-gastos de persoal)	Importe	20.500	20.500	20.500	20.500	82.000

- Por parte de Agader con cargo ao capítulo VI por mor dos expedientes de contratación que sexa preciso tramitar ao abeiro deste acordo.

Proxecto	Aplicación orzamentaria	Anualidade	2021	2022	2023	2024	Total
2021 00001 Ordenación de usos e plans integrais de xestión de terras agrarias	14.A1.712A.640.4	Importe	18.000	37.378	37.378	37.378	130.134

O obxecto dos expedientes de contratación, comprenderá a execución das seguintes actuacións segundo Anexo I:

- Traballos de análise e planificación no eido da mellora da estrutura agraria de Galicia e os instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Planificación e difusión da información mediante un visor xeográfico, descargas e catalogación.
- Integración da información dispoñible das infraestruturas agrarias como dos instrumentos de recuperación da terra agraria: planificación, mobilización e recuperación .





- Incorporar nas ferramentas integradas dentro do sistema de información xeográfica corporativa a información xeográfica do desenvolvemento dos traballos.
- Colaborar na elaboración da metodoloxía técnica para a obtención do Mapa de usos agroforestais de Galicia, o establecemento dos estándares e formatos que debe cumprir.

SEXTA.-VIXENCIA

Este acordo terá vixencia durante 4 anos dende a data da súa sinatura.

Antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do acordo poderán acordar a súa prórroga por un período adicional de ata 4 anos mediante unha addenda ao acordo.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

OITAVA.- DIVULGACIÓN

Co obxecto de dotar de notoriedade e visibilidade ao acordo de colaboración, os asinantes do mesmo realizarán as seguintes actuacións:

- a. Difusión online nas redes sociais e páxinas web oficiais, describindo estas para dalas a coñecer entre a cidadanía.
- b. Sesión/s informativa/s, mediante acto/s público/s, dirixido ao empresariado, medios de comunicación e poboación en xeral.
- c. En todas as publicacións e notas de prensa relativas ao acordo asinado, incluírase as mencións oportunas aos participantes, así como a imaxe institucional de todos os asinantes do acordo.





NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como da Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co presente acordo que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a súa execución, de levar a cabo a súa supervisión e control, ou de asegurar o seu cumprimento, créase unha comisión de seguimento con dúas persoas por parte de Agader e dúas por parte do IET. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes.

Os membros desta comisión de seguimento son:

- José Antonio Serantes Barbeito
- Antonio de Arcos Rey
- Alfredo Fernández Ríos
- Bruno Fernández González

En caso de discrepancia, correspóndelle á comisión de seguimento resolver as controversias relativas á interpretación e execución do acordo.

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste acordo, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste acordo, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b. Propoñer addendas ou modificacións a este acordo para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c. Seguimento das actividades contempladas no presente acordo
- d. Liquidación do acordo se fose o caso.





DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO ACORDO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente acordo en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente acordo deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente acordo:

- e. Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- f. Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no acordo.
- g. Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente acordo, sen prexuízo dos danos e perdas imputables ao causante.
- h. O transcurso do prazo de vixencia do acordo sen terse acordado a prórroga deste.

DÉCIMO SEGUNDA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente acordo ten natureza administrativa considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

As discrepancias que poidan producirse resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

En proba de conformidade asinan o presente acordo, por duplicado exemplar, no lugar ao comezo citado e na data dixital.

Ángeles Vázquez Mejuto

José González Vázquez

Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda e presidenta do
Instituto de Estudos do Territorio

Presidente da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural





ANEXO I

Accións a contratar	Importe	Obxecto
Edición e revisión de mapas de usos agroforestais ou bases de datos espaciais semellantes correspondentes a diferentes períodos temporales.	80.000 €	<p>Incorporar nas ferramentas integradas dentro do sistema de información xeográfica corporativa a información xeográfica do desenvolvemento dos traballos.</p> <p>Colaborar na elaboración da metodoloxía técnica para a obtención do Mapa de usos agroforestais de Galicia, o establecemento dos estándares e formatos que debe cumprir.</p>
Xeración de ortofotos a partir da información subministrada por Agader ou obtención de mosaicos a partir de voos históricos dispoñibles.	50.134 €	Planificación e difusión da información mediante un visor xeográfico, descargas e catalogación.

